

RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE DECEMBRO DE 2022 POLA QUE SE ACTUALIZAN AS LISTAXES DE ACREDITADOS/AS PARA PROFESOR/A TITULAR E CATEDRÁTICO/A NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

Co fin de levar a cabo a organización docente e segundo as listaxes definitivas de acreditados/as para profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade na Universidade de Vigo, publicada o 25 de outubro de 2022, procedeuse á convocatoria das **prazas de profesorado Titular de Universidade e de Catedrático/a de Universidade** correspondentes a estas listaxes de xeito que quedaron esgotadas.

Desde a convocatoria destas prazas recibíronse nesta vicerreitoría, novas acreditacións para profesorado Titular de Universidade e para Catedrático/a de Universidade facendo necesaria a publicación de novas listaxes de acreditados que establezan a prelación para a realización das seguintes convocatorias de prazas de profesorado Titular e de Catedrático/a de Universidade na Universidade de Vigo, segundo as OEP que se aproben, polo que, seguindo os criterios establecidos no Plan de Promoción (CG 20/03/19) de antigüidade na acreditación,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro. Abrir prazo para a actualización da listaxe de persoas acreditadas a 31/01/2023, que determinará a orde de convocatoria de prazas de profesorado Titular de Universidade. No ANEXO I achégase a información recibida na Vicerreitoría ata o día de hoxe.

Segundo. Abrir prazo para a actualización da listaxe de persoas acreditadas a 31/01/2023, que determinará a orde de convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade. No ANEXO II achégase a información recibida na Vicerreitoría ata o día de hoxe.

Terceiro. Establecer un prazo **ata o 31 de xaneiro de 2023 (incluído)** para que as persoas relacionadas nos anexos poidan formular, de ser o caso, as súas alegacións dirixidas á vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións, e para que as persoas que estean acreditadas a 31/01/2023 para profesorado Titular de Universidade ou para Catedrático/a de Universidade que non enviaran a súa acreditación anteriormente, a poidan enviar.

Asinado dixitalmente en Vigo,

O reitor,

Por delegación RR 22/06/2022

O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións

Alfonso Lago Ferreiro



ANEXO I

LISTAXE PROVISIONAL DE PROFESORADO ACREDITADO A PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE

ORDE	DNI	APELIDO 1	APELIDO 2	NOME	ÁREZ	DPTO	CAMPUS	ACREDITACIÓN	ANTIG POSTO
	***9198**	FERNÁNDEZ	PENA	YOLANDA	A0345	00H04	VIGO	17/10/2022	
	***1532**	RODRÍGUEZ	LOSADA	SORAYA	A0150	00X13	PONTEVEDRA	20/10/2022	
	***9437**	MARTÍNEZ	SÁNCHEZ	JOAQUÍN	A0505	00T06	VIGO	20/12/2022	



ANEXO II

LISTAXE PROVISIONAL DE PROFESORADO ACREDITADO A CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE

[illegible]

Pendente de cumprir o requisito para participar nas prazas de promoción interna no momento da convocatoria

